

Data:	17/08/2026	Hora:	20:30
Asunto:	COMPLEMENTO CO Nº 3 PUBLICIDADE ESTABLECIDA POLO ORGANIZADOR	Doc. Nº:	00.1RC.CO.4
De:	Comité Organizador		
Para:	Todos os participantes	Nº páxinas:	2

Indícanse deseguido as publicidades establecidas polo organizador:

PLACA DO RALLYE:

Adhesivo que se colocará na parte dianteira do vehículo.



NÚMEROS DE COMPETICIÓN:

Paneis das portas: Dous paneis para as portas dianteiras de 70 cm. de lonxitude e 17,5 cm. de alto. Cada panel será colocado horizontalmente en cada porta dianteira, co número na parte dianteira e a unha distancia de 7 a 10 cm. por debaixo do cristal desta. Queda prohibido recortar o panel.



CRISTAL LATERAL E TRASEIRO:

Un xogo do número de competición, de cor laranxa fluorescente, de 16 cm. de altura. Este número colocarase na parte superior do cristal lateral e traseiro, á esquerda, e no caso do traseiro, deberá ser lexible desde a parte posterior do vehículo

1

Un panel de 40 cm. de lonxitude por 12 cm. de alto, que se colocará na parte inferior do cristal traseiro.



PANEL PORTAS DIANTEIRAS:

Dous, dun tamaño de 35 cm. de lonxitude e 14 cm. de alto, que se colocarán en cada unha das portas dianteiras, xusto por debaixo dos paneis dos números.




ADHESIVOS DE EMERXENCIA

O organizador entregará a cada concursante dous adhesivos co número de teléfono de emerxencia, ao que poderán chamar os concursantes ou o público en caso de emerxencia ou un accidente ocorrido durante o Rallye.

Estes adhesivos colocaranse en lugares claramente visibles, un deles no interior e outro no exterior do vehículo.



Recórdaselles aos participantes a disposición da publicidade, segundo o establecido no artigo 29 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes Asfalto 2026



O Comité Organizador